



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DO VALADOURO, PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "ENVELLECIMENTO ACTIVO NO RURAL" PARA O EXERCICIO 2026

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, entre elas, a ordenación, a planificación, a innovación estratéxica dos recursos sociosanitarios e a coordinación e a avaliación da súa actividade asistencial. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores e persoas con discapacidade na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, os concellos de Galicia poden crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

O obxecto do presente convenio é o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do proxecto "Envellecemento Activo no rural" que o Concello do Valadouro ten previsto desenvolver durante o ano 2026 na procura dun envellecemento activo e participativo desde unha perspectiva integral bio-psico-social, que promova a loita contra a soidade non desexada e a interacción e participación das persoas maiores residentes no concello, reforzando as súas capacidades cognitivas, físicas, funcionais, emocionais e sociais.

O proxecto obxecto da concesión da subvención ciméntase sobre un modelo de atención centrado na persoa, e execútase a través de actividades socioeducativas e de ocio. O número de participantes será de 15 persoas.

Son obxectivos deste proxecto ofrecer ás persoas maiores do Concello do Valadouro a posibilidade de envellecer na súa contorna rural, creando un espazo de encontro, aprendizaxe e acompañamento ás persoas maiores do concello, adaptado ás necesidades de cada unha delas, co firme propósito de procurar un envellecemento saudable e de prever a soidade non desexada, demostrando que envellecer no rural é posible.

O envellecemento progresivo da poboación, aínda que se enmarca dentro dun proceso global é unha realidade palpable, polo que con este proxecto preténdese dar impulso ás políticas de envellecemento activo mediante o desenvolvemento de servizos que teñen por finalidade mellorar a calidade de vida das veciñas e veciños do concello na procura de que se manteñan





sans e activas na súa contorna, se atrase o deterioro físico e cognitivo e se eviten situacións de illamento e exclusión social.l.

Os principios que orientan o proxecto son:

- Achegamento entre as persoas: A proximidade física, a familiaridade e a interacción reducen a distancia interpersonal, fomentando a conexión emocional e a confianza
- Atención personalizada: Os servizos que se prestan atenderán ás individualidades e ás necesidades de cada persoa.
- Profesionalidade do persoal e traballo en equipo.

As actuacións constitutivas do proxecto obxecto de concesión de subvención a través deste convenio terán lugar nas instalacións do centro sociocomunitario do concello e consistirán na prestación de servizos de atención social baseados no fomento dun envellecemento saudable que se irá adaptando ás diferentes necesidades e etapas do proceso de envellecemento dos veciños e veciñas do Valadouro e van dirixidas fundamentalmente á estimulación das capacidades cognitivas, funcionais, físicas, sociais e emocionais das persoas maiores.

Os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Sen prexuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida (art. 25 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento).

O proxecto e actividades a subvencionar a través deste convenio teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos tal que:

- A atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.
- A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores da poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

As razóns expostas e a particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve este proxecto, motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As características da poboación e as actuacións do proxecto a subvencionar a través do convenio son coxunturas que dificultan a súa convocatoria pública.

O proxecto e actividades a subvencionar a través deste convenio teñen encaixe entre as funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos tal que:

- A atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.





- A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores da poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

As actuacións do proxecto "Envellecemento Activo no rural" do Concello do Valadouro encádranse en cinco áreas de intervención: cognitiva, física, funcional, social e emocional.

Área Cognitiva: Actividades que estimulan a memoria, o razoamento, a atención e a linguaxe.

Área Física: Actividades que promovan a mobilidade, a coordinación, o equilibrio e a saúde en xeral. Realizaranse exercicios que favorecen a mobilidade e a funcionalidade dos participantes.

Área Funcional: Centrada nas actividades da vida diaria. Desenvolveranse actividades prácticas que favorezan a autonomía dos maiores en tarefas cotiás como a participación en tarefas comunitarias.

Área Social: Actividades que favorezan a interacción social, o sentido de pertenza ao grupo e a participación comunitaria. Promoveranse encontros sociais, charlas, actividades en grupo e eventos para fortalecer a conexión con outros membros da comunidade.

Área Emocional: Actividades enfocadas na xestión emocional, o benestar e a calidade de vida. Inclúiranse técnicas de relaxación, mindfulness, talleres de expresión emocional e actividades que fomenten a autoestima e a empatía..

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, radica na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve estes programas que é o Concello do Valadouro tendo en conta o entorno tan rural da súa poboación. Con este proxecto preténdese xerar benestar, promover o envellecemento con sentido, combater o illamento e a soidade e promover o empoderamento das persoas maiores para cooperar e participar conxuntamente na comunidade, fortalecendo os lazos sociais, promovendo a solidariedade e servir de enlace con outros servizos para garantir o acceso a recursos ás persoas maiores do Valadouro que favorezan o seu desenvolvemento persoal e colectivo, prestarlles atencións específicas así como manter ou mellorar as súas capacidades cognitivas, físicas e sensoriais, de xeito que poidan permanecer integrados perfectamente no seu contorno. Son servizos de proximidade que deben actuar na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

